

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE SURF



*Aprobados en Asamblea Xeral o día 2 de marzo do 2007
Ratificados pola Dirección Xeral para o Deporte por Resolución de data 27/09/07
Publicado anuncio no D.O.G nº XX de data XX de novembro de 2007*

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE SURF

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1. A entidade.

A Federación Galega de Surf é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente ó dos seus asociados, e integrada polos clubs, deportistas, técnicos e xuíces.

Artigo 2. Modalidades.

As modalidades ou especialidades deportivas promovidas pola Federación Galega de Surf serán o Surf, Bodyboard e o Longboard.

Artigo 3. Requisitos para federarse.

Os requisitos de afiliación para solicitar a licenza serán os que figuran de seguido:

- Como deportista, persoas que practican surf, bodyboard ou longboard de nacionalidade española ou estranxeiros que cumpran os requisitos necesarios.
- Como xuíz, os xuíces con título expedido ou habilitado pola Federación Galega de Surf.
- Como técnico, as persoas con título de Técnico Deportivo en Surf ou Técnico Iniciador expedido ou habilitado pola Federación Galega de Surf, que pertencen á Escola Galega de Surf.
- Como directivo, os presidentes, secretarios ou membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Surf ou de calquera dos clubs inscritos nela.
- Como honor, deportistas galegos de alto nivel ou aquelas persoas que destacasen polas súas actuacións en apoio a práctica do deporte do surf.

Artigo 4. Dereitos e deberes dos afiliados.

Todos os membros da federación teñen dereito a recibir tutela da mesma con respecto aos seus intereses deportivos comúns e individuais, así como o participar nas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes Estatutos e cos Regulamentos internos. Os membros da federación teñen, á súa vez, o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen prexuízo do dereito de recorrer, perante as instancias federativas competentes e, no seu caso, perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva ou Tribunais de Xustiza, segundo proceda, aqueles que consideren contrarios a Dereito e sen prexuízo de acudir á conciliación ou arbitraje nos termos previstos nas Leis.

Artigo 5. Estructura territorial.

A estrutura territorial da Federación Galega de Surf será de ámbito galego. A Federación Galega de Surf só conta cunha delegación a nivel autonómico inda que existe a posibilidade de propor e aprobar, se fose o caso, nas Asembleas Xerais delegacións de ámbito provincial.

Artigo 6. Réxime documental.

O réxime documental da Federación Galega de Surf estará composto polo libro de actas, libro de contas, libro de rexistro de federados e clubs, e libro inventario de bens mobles e inmobles, que deberán ser legalizados pola Dirección Xeral para o Deporte.

Artigo 7. Personalidade xurídica.

A Federación Galega de Surf gozará de personalidade xurídica propia en plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 8. Funcións.

A Federación Galega de Surf ademais das súas propias atribucións, exercerá por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración autonómica e local.

A Federación Galega de surf terá a consideración de entidade de utilidade pública nos termos establecidos pola Lei, ostentará a representación galega do deporte do Surf e correspóndelle en exclusiva as seguintes funcións:

- a) Elaborar os programas de promoción xeral do surf en Galicia.
- b) Elaborar as normas técnicas do surf e dirixir e regular as actividades propias da mesma.
- c) Desenvolver programas de especialización.
- d) Diseñar, elaborar e executar plans de preparación dos deportistas de alto nivel, e as listas dos mesmos en colaboración coa Administración deportiva de Galicia.
- e) Colaborar coa Administración na formación de técnicos deportivos en surf.
- f) Organizar e dirixir as competicións de carácter oficial que se desenvolvan en Galicia, de acordo coas normas e regulamentos autonómicos, nacionais e internacionais que sexan de aplicación. Expedirán, a estes efectos, as correspondentes licenzas deportivas.
- g) Exercerá a potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei, así como nos seus propios estatutos e regulamentos internos.
- h) Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs deportivos que dependan dela.
- i) Exercer o control das subvencións oficiais que se asignen os clubs deportivos que dependan dela na forma que regulamentariamente se determine.
- j) Designar os deportistas da súas modalidades que integrarán a selección galega, para a cal os clubs deberán poñer a disposición da federación os deportistas elixidos.
- k) Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal e internacional, organizando a selección galega de surf.
- l) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, entes locais y agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.
- m) Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- n) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, control e represión do uso de sustancias prohibidas no deporte e na prevención e control da violencia no deporte.
- ñ) Poderá, ademais das súas propias atribucións, executar por delegación de la Administración autonómica programas de promoción do surf.
- o) Aquelas outras funcións que poda encomendarlles a Administración deportiva de Galicia.

Artigo 9. Réxime do orzamento e patrimonio.

A Federación Galega de Surf someterase ó réxime do orzamento e patrimonio propio coas seguintes limitacións.

1.- Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividade de igual carácter có fin de repartir beneficios entre os seus asociados. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.

2.- Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivas dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados e ó Surf en xeral.

Artigo 10. Réxime económico.

A Federación Galega de Surf poderá enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que sexan autorizadas as operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou actividade físico-deportiva que constitúe o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten, como mínimo, o cinco por cen dos socios de número, o oportuno dictame económico.

3.- Cando se trate de tomar cartos a préstamo en contía superior ó cincuenta por cen do orzamento anual o que represente unha porcentaxe igual do valor do patrimonio, así coma nos supostos de emisión de títulos, requirirá a aprobación da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 11. Doazóns.

A Federación Galega de Surf poderá recibir libremente doazóns que non excedan da cantidade de 3.000,00 €. No suposto de doazóns que superen esta cantidade, será necesaria a autorización expresa da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 12. Domicilio social.

O domicilio social da Federación Galega de Surf fíxase na rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17, oficina 17 en Vigo, código postal 36209, provincia de Pontevedra.

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros, e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio do domicilio social dentro da mesma localidade ou concellos limítrofes. Para o traslado do domicilio social a outra localidade, que deberá ser sempre dentro de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 13. Órganos de goberno e representación.

Son órganos de goberno e representación da Federación Galega de Surf a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada, o Presidente e a Xunta Directiva.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 14. Estamentos.

Asemblea Xeral é o órgano superior da Federación Galega de Surf, e nel están representados os seguintes estamentos:

- a) Clubes inscritos na Federación Galega de Surf e no Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades deportivas da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- b) Deportistas.
- c) Xuíces.
- d) Técnicos.

Artigo 15. Membros da Asemblea Xeral.

1.- Na Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf terán consideración de electores e elixibles en representación dos estamentos recollidos no artigo anterior, os determinados no Regulamento Electoral vixente.

2.- Os membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf formarán parte dela mentres cumpran os requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento. Se se produce unha vacante será cuberta có seguinte candidato máis votado.

3.- Os membros da Asemblea Xeral, electos pola súa condición persoal, cesarán:

- a) Por falecemento.
- b) Por dimisión.
- c) Por convocatoria de novas eleccións.
- d) Por non ser titulares da licenza deportiva correspondente ó estamento ó que representan.

Artigo 16. Composición da Asemblea Xeral.

1.- A representación na Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf dos distintos estamentos, de acordo có establecido no artigo 9º dos presentes Estatutos, responderá ás proporcións:

- a) Entidades deportivas inscritas na Federación Galega de Surf, entre as que se inclúen as sociedades anónimas deportivas, entre un 60% e un 75%
- b) Deportistas, entre un 20% e un 30%.
- c) Técnicos, entre un 5% e un 10%.
- d) Xuíces, entre un 5% e un 10%.

2.- O número de membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf fixarase na convocatoria da elección da mesma.

Artigo 17. Funcións da Asemblea Xeral.

Corresponde á Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf, en reunión plenaria con carácter necesario e independente do asignado nos Estatutos:

- a) Aprobar o orzamento anual e a súa liquidación.
- b) Aprobar o calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerán a competición.
- c) Aprobar os regulamentos internos.
- d) Aprobar e modificar os Estatutos da Federación Galega de Surf.
- e) Elixir ou cesar o Presidente.
- f) Presentar e aprobar mocións de censura.

Artigo 18. Funcionamento da Asemblea Xeral.

1.- As reunións da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf axustaranse ó seguinte réxime.

- a) A Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Surf reunirase unha vez ó ano, necesariamente antes de comezar a nova tempada deportiva, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e como mínimo para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das bases ou regulamentos que rexerán a competición da memoria da actividade anual.
- b) As demais reunións terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente, ou a proposta dun número de membros da Asemblea Xeral non inferior ó 25%. Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo de dez días naturais. Dende a convocatoria ata a data de celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria non poderá transcorrer máis de vinte días naturais.
- c) A convocatoria, que deberá conter o lugar, data e hora de celebración e a orde do día da xuntanza, farase pública no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Surf e nas delegacións territoriais, se as houberse, con dez días de antelación á data de celebración. En todo caso notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea Xeral, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma.
- d) A Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf quedará validamente constituída cando concorran en primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, e

na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes.

2.- Có fin de garantir o cumprimento efectivo das funcións encomendadas á Federación Galega de Surf, a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia convocará a Asemblea Xeral ou á Comisión Delegada, para o debate e resolución, de asuntos ou cuestións determinadas, cando aquelas non foran convocadas por quen ten a obrigaón estatutaria ou legal de facelo no tempo regulamentario.

3.- O voto será persoal. Non se admitirá delegación de voto excepto o correspondinte ós clubs deportivos que poderán exercelo polo seu presidente ou a persoa na que delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf, de acordo cos seus propios Estatutos, con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ninguén poderá ostentar máis dunha delegación de voto.

Artigo 19. Eleccións dos membros da Asemblea Xeral.

1.- Os seus membros serán elixidos cada catro anos, por sufraxio libre, igual, directo e secreto, entre e polos compoñentes de cada estamento de acordo coa proporción que establece o artigo 16 dos presentes estatutos da Federación Galega de Surf, coincidindo cós anos de Xogos Olímpicos de inverno, excepto que concorran causas excepcionais que deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia a través da publicación no Diario Oficial de Galicia da correspondinte resolución.

2.- A Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf poderase reunir en pleno ou en Comisión Delegada.

COMISIÓN DELEGADA

Artigo 20. Composición da Comisión Delegada.

1.- A Comisión Delegada da Federación Galega de Surf será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio entre os seus membros. Os seus mandatos coincidirán cós da Asemblea Xeral.

2.- O número de membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Surf será de 5 membros da Asemblea Xeral e o presidente da Federación Galega de Surf.

3.- Se se producise algunha vacante cubriríase có seguinte candidato máis votado.

4.- O Presidente da Federación Galega de Surf convocará á Comisión Delegada que se reunirá, como mínimo, cada catro meses para os fins da súa competencia e polo menos realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

Artigo 21. Funcións da Comisión Delegada.

Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf os seguintes cometidos:

- a) Elaborar un informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) Modificar calendario deportivo por imprevistos.
- c) Modificar os orzamentos e os regulamentos, por necesidade urxente.
- d) Supervisar a xestión deportiva e económica da Federación Galega de Surf.
- e) Acordar o cambio do domicilio social dentro da mesma localidade ou concellos limítrofes.
- f) Resolver os recursos das resolucións do Comité de Disciplina, constituídos como Comité de Apelación.
- g) Os acordos adoptaranse sempre por maioría simple.

As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza. A proposta dos temas que se van a tratar na Comisión Delegada correspóndelle ó Presidente ou ós dous tercio dos membros da Comisión Delegada.

O PRESIDENTE

Artigo 22. Funcións e elección do presidente.

1.- O Presidente é o órgano executivo da Federación Galega de Surf. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, e executa os acordos destes.

2.- Será elixido cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos membros da Asemblea Xeral, coincidindo cós anos de xogos olímpicos de inverno, excepto que concorran causas excepcionais que deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia a través da publicación no Diario Oficial de Galicia da correspondente resolución.

3.- Os candidatos, que poderán non ser membros da Asemblea Xeral, deberán avalar a presentación da súa candidatura, mediante a sinatura de, polo menos un 10% dos membros da Asemblea Xeral.

4.- Será elixido Presidente o candidato que obteña maioría absoluta dos votos dos membros presentes. No caso de que ningún candidato alcance esta maioría procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que obteña a maioría dos votos.

5.- O Presidente gozará de voto de calidade, no caso de empate, en aquelas decisións que deban adoptar os órganos que preside.

6.- Para poder ser candidato a Presidente o membro da Xunta Directiva da Federación Galega de Surf terase que reunir as condicións seguintes:

- a) Ter a condición política de galego de conformidade co disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de Abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.
- d) Non estar inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.

7.- A persoa que resulte elixida como Presidente ten que cesar de todo tipo de actividades técnicas e deportivas no deporte do Surf e no ámbito territorial da Federación Galega de Surf.

8.- O Presidente da Federación Galega de Surf cesará:

- a) Por transcurso do tempo para o que foi elixido.
- b) Por falecemento.
- c) Por dimisión.
- d) Por moción de censura aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria.
- e) Por incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade previstas pola Lei e cando non renuncie á actividade ou cargo incompatible.
- f) Por sanción disciplinaria e/ou condena firme que o inhabilite para tal fin.

9.- O número de mandatos consecutivos para poder ser elixido Presidente non poderá superar os catro períodos, calquera que fora a duración deles, comezando a contarse a partir da primeira elección inmediatamente despois de aprobarse os presentes Estatutos.

10.- Nos casos de ausencia ou incapacidade temporal, o Presidente da Federación Galega de Surf será substituído por un membro da Xunta Directiva, que esta designe, ó que se lle confiará tal función substitutoria.

11.- A moción de censura ó Presidente da Federación Galega de Surf deberá ser presentada, se é o caso, por un número de membros da Asemblea Xeral non inferior ó 45% da totalidade daquela.

A moción de censura será presentada de forma razoada e facendo consta-lo nome do candidato alternativo ó Presidente da Federación Galega de Surf, o que, nun prazo máximo de 15 días, deberá convocar con carácter extraordinario á Asemblea Xeral para que esta se reúna, tamén nun prazo de 15 días, con dita moción de censura como único punto da orde do día.

Para que poida aprobarse a moción de censura requirírase a maioría absoluta de votos afirmativos dos membros da Asemblea Xeral.

Se a moción de censura non fose aprobada pola Asemblea Xeral, os asinantes no poderán presentar outra ata que transcorra un ano.

Se o Presidente da Federación Galega de Surf non convocase a Asemblea Xeral, a convocatoria correspondente será efectuada pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a tenor do disposto na Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.

A reunión extraordinaria da Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf na que se debata a moción de censura ó Presidente, será dirixida por unha mesa de idade constituída expresa e exclusivamente para tal fin polos cinco asembleístas de maior idade, actuando como presidente, a súa vez, o de maior idade de eles e coma secretario o de menor idade.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23. Funcións da Xunta Directiva.

1.- A Xunta Directiva será o órgano colexiado de xestión da Federación Galega de Surf sendo os seus membros designados e cesados libremente polo Presidente da Federación Galega de Surf, que a presidirá.

2.- A formará un número de membros non inferior a 5 nin superior a 15.

3.- Os membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Surf que non sexan da Asemblea Xeral, terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.

Artigo 24. Remuneracións.

Tódolos cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor de algún dos membros da Xunta Directiva, ten que ser expresamente acordada pola maioría absoluta da Asemblea Xeral e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica deberá ser satisfeita con cargo ás subvencións que reciba a Federación Galega de Surf.

SECRETARIO E O TESOUREIRO

Artigo 25. Nomeamento e funcións do Secretario.

O Presidente da Federación Galega de Surf nomeará a un Secretario, que poderá ser membro da Xunta Directiva, o cal exercerá as funcións seguintes:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Surf, con indicación dos asistentes, temas tratados, ou resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado. Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirá das responsabilidades que puideran derivarse, se fora o caso, dos acordos dos órganos colexiados.
- b) Expedir as certificacións oportunas dos acordos dos órganos de goberno e representación.

- c) Remitir á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia das actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada nun prazo de 15 días dende a data da súa celebración.
- d) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e regulamentos da Federación Galega de Surf ou lle sexan delegadas polo Presidente.

Artigo 26. Nomeamento e funcións do Tesoureiro.

O Presidente da Federación Galega de Surf nomeará a un Tesoureiro que é o órgano de administración da Federación Galega de Surf.

Exercerá como funcións propias:

- a) Levar a contabilidade da Federación Galega de Surf
- b) Exercer a inspección económica de tódolos órganos da Federación Galega de Surf
- c) Elaborar e presentar balances á Comisión Delegada do estado contable da Federación Galega de Surf
- d) Calquera outra función que lle encomenden os Estatutos ou Regulamentos da Federación Galega de Surf

No caso de non existir Tesoureiro, o Presidente será o responsable de exercer estas funcións, podendo delegalas na persoa que considere oportuna.

COMITÉS

Artigo 27. Constitución de Comités.

1.- Na Federación Galega de Surf poderanse constituír cantos comités se consideren necesarios.

2.- Cando os comités atendan ó desenrolo dunha especialidade deportiva específica amparada pola Federación Galega de Surf, a designación dos presidentes efectuarase por proposta dos colectivos ou estamentos interesados.

3.- Os demais presidentes serán designados polo Presidente da Federación Galega de Surf. Nos regulamentos da Federación Galega de Surf reflexarase o funcionamento, composición e competencias destes comités.

Artigo 28. Comité de Xuíces e funcións.

No seno da Federación Galega de Surf constituirase, de maneira obrigatoria, un comité de xuíces; o presidente do mesmo será designado polo presidente da Federación Galega de Surf.

Serán funcións deste comité:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral, ós xuíces ou árbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñer os candidatos a xuíces ou árbitros nacionais.
- d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulen o arbitraje para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Designar ós colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cós órganos competentes da Federación Galega de Surf na formación de xuíces e árbitros.

Artigo 29. Comité de Disciplina e funcións.

No seno da Federación Galega de Surf constituirase, de maneira obrigatoria, un Comité de Disciplina; que estará formado un Delegado da Federación Galega de Surf nomeado polo presidente da mesma e o Director da competición ou da actividade, asistido dos xefe de xuíces ou técnicos que correspondan.

Serán funcións deste comité:

- a) Aplicar o Regulamento de competición e de Faltas e Sancións.
- b) Resolver, en primeira instancia, todas aquelas reclamacións que se lle plantexen por parte dos organizadores, competidores, ou participantes da actividade, e as que estime que deba tratar para preservar a disciplina da competición ou actividade.
- c) Resolver, en segunda instancia as apelacións que se lle presenten ás decisións dos Comités de Competición.
- d) As súas resolucións poderán recorrerse ante o Comité de Apelación da Federación Galega de Surf.

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 30. Orzamento.

1.- O orzamento deberá elaborarse anualmente correspondendo a súa aprobación á Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf.

2.- A Federación Galega de Surf non poderá aprobar un orzamento deficitario. Excepcionalmente a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia poderá autorizar o carácter deficitario de dito orzamento.

Artigo 31. Réxime de administración e xestión.

A Federación Galega de Surf ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio séndolle de aplicación as seguintes regras:

- a) A Federación Galega de Surf poderá promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, debendo aplicar os beneficios económicos, se os houberse, ó desenvolvemento do seu carácter social.
- b) A Federación Galega de Surf poderá gravar, enaxenar os seus bens inmobles, tomar cartos a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou do seu obxecto social. En todo caso cando a contía exceda do 25% do orzamento anual será imprescindible o informe favorable da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia
- c) A Federación Galega de Surf poderá exercer complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos e destinar os seus bens e recursos ós mesmos obxetivos deportivos, pero en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros.
- d) A Federación Galega de Surf non poderá comprometer gastos de carácter plurianual, no seu período de mandato, sen a autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento ou exceda o período de mandato do Presidente.

Artigo 32. Memoria anual.

A Federación Galega de Surf elaborará anualmente unha memoria na que incluírá a liquidación do orzamento que analizará fielmente a actividade económica da Federación, e a súa axeitada actuación orzamentaria, e o cumprimento dos obxetivos e os proxectos desenvolados, e informar separadamente como mínimo dos seguintes aspectos:

1.- Diferenciación dos ingresos e aportacións de:

- a) Subvencións públicas.
- b) Subvencións, doazóns ou aportacións privadas.
- c) Ventas de activos.

- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e) Ingresos por servizos prestados pola Federación Galega de Surf, permisos, licenzas e outros.
- f) Ingresos financeiros.

2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custes ou inversións seguintes:

- a) Administración da Federación.
- b) Dirección e servizos da directiva incluíndo viaxes.
- c) Competicións.
- d) Axudas a clubs e outras entidades.
- e) Axudas a actos deportivos.
- f) Construcións e outros inmovilizados.
- g) Formación de deportistas e técnicos.
- h) Deportistas de élite e profesional.
- i) Xuíces.
- j) Órganos xurisdiccionais.

3.- a) O importe das obrigacións de pago que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

b) O importe das garantías e dos avais comprometidos.

4.- A liquidación do orzamento que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf.

Artigo 33. Inspeccións e auditorías.

A requirimento da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, e nas condicións que esta determine, a Federación Galega de Surf deberá facilitar a inspección do seu réxime económico así como as auditorías financeiras sobre a totalidade dos seus gastos.

Artigo 34. Contas anuais.

As contas anuais e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da Federación Galega de Surf cunha antelación mínima de 15 días á celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir unha copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea Xeral.

Artigo 35. Patrimonio na disolución.

No caso de disolución da Federación Galega de Surf, o seu patrimonio neto, se o houberse, aplicarase á realización de actividades análogas, determinadas pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ó destino concreto.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 36. Competencias disciplinarias e regulamento.

A Federación Galega de Surf en materia de disciplina deportiva ten a potestade sobre todas as persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, os clubs deportivos e os seus deportistas, técnicos, directivos e xuíces, e, en xeral, sobre todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan a súa actividade deportiva en Galicia.

A Federación Galega de Surf establecerá nos seus regulamentos os réximes disciplinarios que terán que ser aprobados pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Surf.

Artigo 37. Potestade disciplinaria.

A potestade disciplinaria deberá exercerse no marco do establecido na Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, e no seu caso, a aplicación supletoria da normativa estatal, e polas disposicións federativas aprobadas conforme a elas.

Artigo 38. Órganos en materia de disciplina.

Os órganos en materia de disciplina deportiva que terá a Federación Galega de Surf serán os seguintes:

- a) En primeira instancia o Comité de Disciplina.
- b) En segunda instancia o Comité de Apelación.

Artigo 39. Recurso das resolucións disciplinarias da Federación.

Contra a resolución definitiva da Federación Galega de Surf en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

RÉXIME ELECTORAL**Artigo 40. Elección do presidente.**

A elección do Presidente da Federación Galega de Surf levarase a cabo mediante convocatoria acordada pola Asemblea Xeral Extraordinaria; na orde do día constará a convocatoria de eleccións, a Xunta Electoral, o Regulamento Electoral e o calendario electoral.

Artigo 41. Regulamento electoral.

1.- No regulamento electoral da Federación Galega de Surf deberá constar o seguinte:

- a) Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamacións de candidatos, así como o sistema de desempate e reclamacións.
- b) Sistema de elección, composición, competencias e funcionamento da xunta electoral e das mesas electorais.
- c) Censo electoral, dividido por circunscricións electorais de existiren estas.
- d) Número de membros da Asemblea e distribución por estamentos.
- e) Circunscricións electorais, se é o caso, e número de representantes de cada estamento por cada unha delas.
- f) Regulación do voto por correo.
- g) Sistema de elección do presidente.
- h) Composición e sistema de elección da Comisión Delegada.
- i) Procedemento de resolución de conflitos, reclamacións e recursos electorais.

2.- No momento da apertura do prazo para a presentación de candidaturas á elección do Presidente, deberá estar publicada a relación dos membros elixidos pola Asemblea Xeral. O prazo de presentación de candidaturas para a elección de Presidente non poderá ser inferior a dez días naturais.

3.- O Presidente da Federación Galega de Surf e os membros da Comisión Delegada, serán elixidos na primeira reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 42. Comisión Xestora.

Aprobado o Regulamento Electoral, as xuntas directivas a partir deste momento constituiranse en Comisión Xestora da Federación Galega de Surf.

Artigo 43. Publicidade do Regulamento Electoral.

A Comisión xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de elección á Asemblea Xeral e a Presidente, así coma o regulamento de elección coas medidas previstas nestes Estatutos, a través dun medio que permita asegurar a recepción de dita notificación. Deberá expoñerse o regulamento en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

Artigo 44. Xunta electoral.

As eleccións serán controladas pola xunta electoral e os interventores designados polos candidatos, que levantarán acta unha vez rematada a votación e o recuento. Dita acta debidamente certificada remitirase a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia nun prazo de tres días.

Artigo 45. Procedemento polo número candidaturas.

No suposto de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación e proclamarase Presidente a este candidato, á vista da acta da Xunta Electoral.

Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Xestora, administrará á Federación Galega de Surf e convocará a realizar novas eleccións nun prazo máximo de tres meses.

Artigo 46. Recursos as resolucións da Xunta electoral.

Contra as resolucións e acordos da Xunta Electoral da Federación Galega de Surf, pódese interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 47. Extinción.

A Federación Galega de Surf extinguirase polas seguintes causas:

- a) Polas previstas nos seus Estatutos.
- b) Pola revogación do seu recoñecemento.
- c) Por resolución xudicial.
- d) Por integración noutras federacións.
- e) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico xeral.

Artigo 49. Modificacións de estatutos.

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante a votación favorable dos dous tercios dos socios asistentes e mentres non entren en contradición coa Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

A reforma destes Estatutos comunicarse á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, polos trámites regulamentarios previstos.

En Vigo, a 22 de setembro do 2007

D. David Alfaya Massó
Presidente Federación Galega de Surf

D. Juan Antonio Hermida Herbello
Secretario Federación Galega de Surf